

BIOGRAFÍA DE VALENTÍN PAZ ANDRADE

Valentín Paz-Andrade, naceu o 23 de abril de 1898 na parroquia de Lérez, en Pontevedra, e faleceu en Vigo o 19 de maio de 1987 .

Fillo de Francisco Paz Cochón, concelleiro de Pontevedra, e Matilde Andrade Tojeiro. Descendente da burguesía local por liña paterna e da pequena fidalguía pontevedresa por parte da súa nai, críase na casa materna do barrio do Socorro en Lérez coas súas irmás Matilde, Carmen e Castora , que vai morrer ben noviña. Sendo aínda un neno, aos oito anos, queda orfo de nai.

Comezou a interesarse na literatura e na cultura de Galicia da man do seu tío, o poeta Xoán Bautista Andrade. Foi tamén el quen lle presentou a Castelao, un dos intelectuais que máis influíron na súa obra, cando este fixou a súa residencia en Pontevedra, en 1916.

En Compostela estudou a carreira de Dereito, onde comezou a súa militancia política participando na II Asemblea Nacionalista, celebrada en Compostela en 1919, e na fundación do "Grupo Autonomista Universitario", vinculado á Irmandade da Fala de Santiago, do que foi presidente.

Non ben rematada a carreira debutou como avogado en Pontevedra xa en 1921, xusto antes de ser chamado a filas para participar na guerra do Rif. Durante esta campaña enviou crónicas desde Marrocos para o xornal coruñés *El Noroeste* que cimentaron a súa fama como xornalista, unha das súas facetas máis coñecidas. Entre 1922 e 1926 dirixiu o xornal *Galicia. Diario de Vigo*.

En 1930 fundou en Vigo o "Grupo Autonomista Galego" e deu comezo a unha grande actividade política. Foi membro signficado do Partido Galeguista e participou en varias campañas electorais da República e en traballos previos á elaboración do anteproxecto do *Estatuto de Galicia*, que foi aprobado no 1936. Na transición á democracia (finais dos 70), interveu a favor dela e foi elixido senador pola Candidatura Democrática Galega.

Ao longo da súa vida, ademais de dirixir o xornal *Galicia* e a revista *Industrias Pesqueras*, colaborou asiduamente en numerosos xornais e revistas, adquiriu serios coñecementos históricos que lle permitiron centrar nos antecedentes, as súas ideas. Foi conferenciante, publicou varios libros sobre temas pesqueiros, socioeconómicos e bibliográficos, a maior parte en castelán; porén o dedicado a Castelao (*Castelao na luz e na sombra, 1982*) escribiuno en galego.


Deuse a coñecer como poeta con *Pranto Matricial (1955)*, adicado a Castelao. Posteriormente publicou *Sementeira do Vento (1968)* e *Cen Chaves de sombra (1979)*.



ENL CEIP CAMPOLONGO



MAIO MES DA LINGUA



LETRAS GALEGAS 2012

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

Martes 1 de maio

Participación na festa dos Maios da Ferraría.

Luns 7 de maio

Celebración da festa dos Maios na Escola.

Martes 8 de maio charla sobre: "A billarda ou pau ao aire".

Ás 9.30 h no salón de actos.

Organiza: Concellaría de NL-Concello de Pontevedra.

Colabora: Asociación Eco-cultural Bateas.

Mércores 9 maio ás 10 h no salón de actos.

Concerto da Escola Básica Bartolomeu Perestrelo

da Madeira (PORTUGAL)

Luns 14 ao 22 de maio

Traballo dunha Unidade didáctica sobre Valentín Paz Andrade.

Martes 15 ao 30 de maio

-Banda deseñada Valentín paz Andrade.

-Prisma con ilustracións e poemas de Valentín Paz Andrade.

-Vídeo coa galería de imaxes de Valentín Paz Andrade.

Martes 15 de maio

Teatriño de monicreques: "os amigos" polo alumnado de 4º A. No salón de actos.

Ás 10,45 para

1ºA/1ºB.

0 para

1ºC/1ºD.

Ás 12 para

2ºB/2ºC.

0 para

2ºA/2ºD.

Ás 12,45 para

5ºA/5ºB.

0 para

5ºC/6ºA.

As 13,30 para

4ºB/4ºC.

Mércores 16 de maio

Teatriño de monicreques: "os amigos" polo alumnado de 4º A. No salón de actos.

Ás 10,45 para

E. Infantil/3ºA

ra

6ºB/6ºC.

Ás 13,30 para

3ºB/3ºC.

Festa das Letras Galegas. No patio do segundo ciclo. Ás 12 h.

-Lembrando a Valentín Paz Andrade .

-Antía Corderí (5ºA) ao acordeón: "Lela".

-Recitado de poemas polo alumnado de 2ºC: "A fortuna de Bartolomeu".

-Canción á frauta: "Ao son do ar". Alumnado de 5º e 6º.

-Recitado de poemas de Valentín Paz Andrade . Alumnado de 6º.

-Antía Corderí (5º A) ao acordeón: "Alalá".

-Recitado de poemas con xestos internacionais (YOGOTE). Alumnado do 3º ciclo.

-Canción: "As árbores da fraga". Alumnado de primaria.



Luns 21 de maio

Valentín Paz Andrade. Biografía e antoloxía, por Charo Portela. Ás 11.30h, no salón de actos para o alumnado de 6º.

Organiza: Concellaría de NL-Concello de Pontevedra.

Colabora: Editorial Xerais.

Luns 21 de maio ao 8 de xuño

Exposición: "O galego tamén noutros mundos".

Colabora: Concellaría de NL-Concello de Pontevedra.

Venres 25 de maio

Xadrez na rúa. Ás 17 h na praza da Ferraría.

Organizan: Escola Xadrez Pontevedra.

CEIP Campolongo. CEIP Vilaverde-Mourente . CEIP Froebel.

Mércores 30 maio

Na alameda de Pontevedra: **"Xogo da billarda ou estornela".**

Ás 11,30h para o alumnado de 6º.

TROTACONTOS. Maio e Xuño.

Presentación dos contos viaxeiros: por determinar.

TROTACONTOS INFANTIL

Participan: EEI. Verducido, CEIP. Parada-Campañó, CEIP Campolongo, EEI Fina Casalderrey, CEIP San Benito de Lérez, CEIP Santo André de Xeve.

TROTACONTOS PRIMARIA

Participan: EEI. VERDUCIDO. CEIP. CEIP. Parada-Campañó, CEIP Campolongo, CEIP Marcón, CEIP San Benito de Lérez, CEIP Santo André de Xeve.

